

**ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO GALEGO DOS
PROCURADORES SOBRE A COMPENSACIÓN ECONÓMICA POLA ASISTENCIA
XURÍDICA GRATUÍTA**

Reunidos en Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

Dunha banda, **Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, en relación co Decreto 394/1994, do 29 de decembro, polo que foron asumidas as funcións sobre medios materiais e económicos para o funcionamento de Administración de xustiza, traspasadas á Xunta de Galicia polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro.

Doutra banda, **Ricardo Garrido Rodríguez**, presidente do Consello Galego dos Procuradores, actuando no seu nome e representación, de acordo co artigo 10.1 dos estatutos do Consello, aprobados polo Decreto 248/2000, do 29 de setembro.

EXPOÑEN

O artigo 24 da nosa Constitución garántelles a todas as persoas o dereito fundamental a obteren a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, así como á representación e defensa dos mesmos. Este dereito fundamental complementábase co disposto no artigo 119 da carta magna, onde se establece que *a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei, e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar*. En observancia deste básico dereito fundamental, no noso ordenamento xurídico existe regulamentado un sistema de indemnización económica, a cargo dos poderes públicos, para compensar a asistencia e representación gratuítas.

Polo que atinxe a esta materia, a Comunidade Autónoma de Galicia posúe plenas competencias, xa que a través do Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, fóronlle transferidos pola Administración do Estado os medios materiais e económicos para o



funcionamento da Administración de xustiza, entre os que se atopa o aboamento da compensación económica aos colexios de avogados e de procuradores dos tribunais polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

Logo de se manteren durante varios anos as cantidades indemnizadoras pola prestación dos servizos de representación gratuíta, cantidades recolleitas no baremo que individualiza cada compensación económica, nos orzamentos da Xunta de Galicia para esta materia estableceuse un incremento global dun 10% coa finalidade de actualizar as ditas cantidades, e introducíronse así mesmo outros conceptos ata o de agora non recolleitos.

Polas razóns anteditas iniciouse un proceso de consultas entre o Consello Galego dos Procuradores e a Xunta de Galicia con base no artigo 39 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece o procedemento de actualización dos módulos e bases de compensación, con cargo aos fondos públicos, pola prestación dos servizos de representación gratuíta, logo de consulta aos colexios profesionais de procuradores.

Froito das ditas negociacións é o acordo reflectido no presente documento, que entrará en vigor no último trimestre de 2017.

Dado que a tramitación dos pagamentos aos colexios para indemnizar pola prestación dos servizos de representación gratuíta levados a cabo polos procuradores se realiza a trimestre vencido tras a xustificación daqueles, a anualidade económica para os efectos deste acordo é a comprendida polo último trimestre dun ano e os tres primeiros trimestres do ano seguinte, de modo que o horizonte temporal do presente documento comprende catro destas anualidades.

Así, o acordo acolle nos dous primeiros anos de vixencia a suba que reflicten os anexos, para logo, a partir do 1 de outubro de 2019, actualizarse as cantidades mediante a aplicación da variación do índice galego de prezos ao consumo (IPC) do ano anterior. Deste xeito, revisarase co IPC galego o baremo vixente para as outras dúas anualidades económicas, comprendidas entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2021.

Por último, durante o ano 2021 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza abrirá un novo proceso de consultas cos procuradores, a través das súas institucións colexiais, para revisar o baremo de compensación económica que estea vixente no último exercicio económico, o comprendido entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021.

En consecuencia, adóptanse os seguintes

ACORDOS

Primeiro. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo dos trámites que correspondan, realizará as actuacións precisas para:

- a) Establecer, con vixencia desde o 1 de outubro de 2017 e ata o 30 de setembro de 2018, os módulos e bases da indemnización polos servizos contidos no anexo I deste instrumento.
- b) Establecer, con vixencia desde o 1 de outubro de 2018 e ata o 30 de setembro de 2019, os módulos e bases da indemnización polos servizos contidos no anexo II deste instrumento.
- c) Os ditos módulos e bases actualizaranse conforme o IPC galego nas dúas anualidades económicas seguintes, as comprendidas entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro do ano 2021, data da finalización temporal deste acordo.

Segundo. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza abrirá un novo proceso de consultas cos procuradores, a través das súas institucións colexiais, para revisar o baremo de compensación económica vixente ata a última anualidade que acolle este acordo, a comprendida entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021. En tanto non se acade un novo acordo os módulos e bases actualizaranse conforme co IPC galego.

De conformidade con canto antecede, subscriben o presente documento no lugar e coa data indicados.

O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza,

O presidente do Consello Galego dos
Procuradores,

Alfonso Rueda Valenzuela

Ricardo Garrido Rodríguez

ANEXO I

Módulos e bases da compensación económica

**Baremos para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2017
e o 30 de setembro de 2018**

Xurisdición penal

Denominación	Módulo
Procedemento ante o xulgado de instrución en sumarios ou causas perante o tribunal do xurado	40,00 €
Intervención ante o xulgado de instrución en procedementos abreviados de especial complexidade (actuacións de máis de 1.000 folios) e en procedementos abreviados de violencia de xénero	28,00 €
Intervención ante o xulgado de instrución en procedementos abreviados	17,00 €
Intervención ante o xulgado de instrución en xuízos rápidos	28,00 €
Xuízo oral ante a audiencia provincial	24,00 €
Xuízo oral ante o xulgado do penal	24,00 €
Procedemento sobre delitos leves (*)	31,00 €
Recurso de apelación	34,00 €
Procedemento ante o xulgado de vixilancia penitenciaria (*)	26,00 €

Xurisdición civil

Denominación	Módulo
Procedemento ordinario	48,00 €
Xuízo verbal e procesos especiais nos que resulte preceptiva a intervención de procurador	38,00 €
Proceso familia contencioso (completo)	55,00 €
Proceso familia de mutuo acordo	40,00 €
Medidas provisionais previas e coetáneas en procesos de familia	17,00 €
Modificación de medidas definitivas en procesos de familia	52,00 €
Execución de títulos xudiciais con oposición ou posteriores a dous anos	33,00 €



Denominación	Módulo
Execución de títulos non xudiciais	33,00 €
Xurisdición voluntaria cando a súa intervención resulte preceptiva	33,00 €
Recurso de apelación tramitación ante a Instancia	21,00 €
Recurso de apelación tramitación ante a Audiencia	15,00 €

Xurisdición contencioso-administrativa

Denominación	Módulo
Recurso contencioso-administrativo (*)	38,00 €
Recurso de apelación (*)	34,00 €

Xurisdición social

Denominación	Módulo
Proceso da xurisdición social (*)	40,00 €
Recurso de suplicación (*)	34,00 €

Xurisdición militar

Denominación	Módulo
Proceso íntegro	38,00 €

Recursos de casación e outros extraordinarios

Denominación	Módulo
Recurso de casación e outros extraordinarios ante tribunais de Galicia	38,00 €

Normas Xerais

Denominación	Módulo
Execución de sentenza posterior aos dous anos de recaída a resolución xudicial, agás a xurisdición civil	23,00 €
Medidas cautelares e dilixencias preliminares cando a súa intervención resulte preceptiva	17,00 €

(*) Cando a intervención do procurador sexa requirida expresamente pola autoridade xudicial de conformidade co artigo 6.3 da Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta



XUNTA DE GALICIA



Compensación aos colexios de procuradores por designacións excepcionais:

Naqueles supostos en que non fose posible a atención ordinaria da representación gratuíta por procuradores con despacho no propio partido xudicial compensarase anualmente ao colexio respectivo, a través do Consello Galego de Procuradores, na cantidade de 10 € por expediente -ata un máximo de 600 € anuais para todos os colexios-, polo desprazamento que supón a designación de procuradores doutro partido xudicial para garantir a prestación continuada do servizo.

ANEXO II

Módulos e bases da compensación económica

**Baremos para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2018
e o 30 de setembro de 2019**

Xurisdición penal

Denominación	Módulo
Procedemento ante o xulgado de instrución en sumarios ou causas perante o tribunal do xurado	42,00 €
Intervención ante o xulgado de instrución en procedementos abreviados de especial complexidade (actuacións de máis de 1.000 folios) e en procedementos abreviados de violencia de xénero	30,00 €
Intervención ante o xulgado de instrución en procedementos abreviados	20,00 €
Intervención ante o xulgado de instrución en xuízos rápidos	30,00 €
Xuízo oral ante a audiencia provincial	25,00 €
Xuízo oral ante o xulgado do penal	25,00 €
Procedemento sobre delitos leves (*)	31,00 €
Recurso de apelación	36,00 €
Procedemento ante o xulgado de vixilancia penitenciaria (*)	30,00 €

Xurisdición civil

Denominación	Módulo
Procedemento ordinario	50,00 €
Xuízo verbal e procesos especiais nos que resulte preceptiva a intervención de procurador	40,00 €
Proceso familia contencioso (completo)	55,00 €
Proceso familia de mutuo acordo	40,00 €
Medidas provisionais previas e coetáneas en procesos de familia	20,00 €
Modificación de medidas definitivas en procesos de familia	52,00 €



Denominación	Módulo
Execución de títulos xudiciais con oposición ou posteriores a dous anos	35,00 €
Execución de títulos non xudiciais	35,00 €
Xurisdición voluntaria cando a súa intervención resulte preceptiva	35,00 €
Recurso de apelación tramitación ante a Instancia	21,00 €
Recurso de apelación tramitación ante a Audiencia	15,00 €

Xurisdición contencioso-administrativa

Denominación	Módulo
Recurso contencioso-administrativo (*)	40,00 €
Recurso de apelación (*)	36,00 €

Xurisdición social

Denominación	Módulo
Proceso da xurisdición social (*)	40,00 €
Recurso de suplicación (*)	36,00 €

Xurisdición militar

Denominación	Módulo
Proceso íntegro	40,00 €

Recursos de casación e outros extraordinarios

Denominación	Módulo
Recurso de casación e outros extraordinarios ante tribunais de Galicia	40,00 €

Normas Xerais

Denominación	Módulo
Execución de sentenza posterior aos dous anos de recaída a resolución xudicial, agás a xurisdición civil	25,00 €
Medidas cautelares e dilixencias preliminares cando a súa intervención resulte preceptiva	20,00 €

(*) Cando a intervención do procurador sexa requirida expresamente pola autoridade xudicial de conformidade co artigo 6.3 da Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta



XUNTA DE GALICIA



Compensación aos colexios de procuradores por designacións excepcionais:

Naqueles supostos en que non fose posible a atención ordinaria da representación gratuíta por procuradores con despacho no propio partido xudicial compensarase anualmente ao colexio respectivo, a través do Consello Galego de Procuradores, na cantidade de 10 € por expediente -ata un máximo de 600 € anuais para todos os colexios-, polo desprazamento que supón a designación de procuradores doutro partido xudicial para garantir a prestación continuada do servizo.